

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8633 *Lei 2/2020, do 27 de xullo, pola que se modifica o artigo 324 da Lei de axuizamento criminal.*

FELIPE VI

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

Ben que establecer sen máis un límite máximo á duración da instrución se evidenciou pernicioso por canto pode conducir á impunidade da persecución de delitos complexos, non é menos certo que establecer certos límites á duración da instrución supón unha garantía para o dereito dos xusticiables.

Como é sabido, o proceso penal é en si mesmo unha pena que comporta aflicción e custos para o imputado. Por identidade de razón pola que noutros ámbitos (por exemplo, en materia tributaria ou sancionatoria) se establecen límites á duración das actividades inspectoras ou instructoras, debe articularse un sistema que cohoneste a eficacia do proceso penal cos dereitos fundamentais de presunción de inocencia, dereito de defensa e a un proceso con todas as garantías que se tramite nun prazo razoable.

Artigo único. *Modificación da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882.*

Modifícase o artigo 324 da Lei de axuizamento criminal, aprobada polo Real decreto do 14 de setembro de 1882, que quedará coa seguinte redacción:

«1. A investigación xudicial desenvolverase nun prazo máximo de doce meses desde a incoación da causa.

Se, con anterioridade á finalización do prazo, se constata que non será posible finalizar a investigación, o xuíz, de oficio ou por instancia de parte, oídas as partes, poderá acordar prórrogas sucesivas por períodos iguais ou inferiores a seis meses.

As prórrogas adoptaranse mediante auto onde se exporán razoadamente as causas que impediron finalizar a investigación en prazo, así como as dilixencias concretas que cómpre practicar e a súa relevancia para a investigación. Se for o caso, a denegación da prórroga tamén se acordará mediante resolución motivada.

2. As dilixencias de investigación acordadas con anterioridade ao transcurso do prazo ou das súas prórrogas serán válidas, aínda que se reciban tras a expiración deste.

3. Se, antes da finalización do prazo ou dalgunha das súas prórrogas, o instructor non ditou a resolución a que fai referencia o número 1, ou ben esta foi revogada por vía de recurso, non serán válidas as dilixencias acordadas a partir da dita data.

4. O xuíz concluirá a instrución cando entenda que cumpriu a súa finalidade. Transcorrido o prazo máximo ou as súas prórrogas, o instructor ditará auto de conclusión do sumario ou, no procedemento abreviado, a resolución que proceda.»

Disposición transitoria. *Procesos en tramitación.*

A modificación do artigo 324 da Lei de axuízamento criminal contida no artigo único será de aplicación aos procesos en tramitación no momento da entrada en vigor da presente lei. Para tal efecto, o día de entrada en vigor será considerado como día inicial para o cómputo dos prazos máximos de instrución establecidos naquel.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación procesual.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 27 de xullo de 2020.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN